



DIANA CAZADORA
BETANZOS

5ª CO-2-2-11

DOSSIER INFORMATIVO

DIANA CAZADORA

Impulsando el turismo de la ciudad



INTRODUCCION

A ría de Betanzos está no norte da provincia da Coruña e baña os municipios de Sada, Bergondo, Betanzos, Paderne, Miño e Pontedeume.


A ría nace na cidade de Betanzos, como consecuencia da desembocadura conxunta dos ríos Mendo e Mandeo. Discorre entre marismas e xuncas durante uns oito quilómetros, e amplíase notablemente a partir de entón, para acabar uníndose á Ría de Ares no cabo coñecido como Punta Carboeira. Ademais dos mencionados ríos, desembocan nas súas augas o Lambre e o Baxoi, ambos os dous pola súa marxe dereita. Conta con algunhas das mellores praias de Galicia, e destacan especialmente a de Perbes e a Praia Grande, no Concello de Miño, e a de Gandarío, no termo municipal Bergondo.

O río Mandeo nace a 700 metros de altitude nos picos da "Cova da Serpe" no Concello de Sobrado, o río Mandeo percorre máis de cincuenta quilómetros ata chegar á súa desembocadura na fermosa ría de Betanzos, onde se une co río Mendo. En maio de 2013 a UNESCO declarou como Reserva de Biosfera o ámbito ocupado polos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza- Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado, que comprenden unha superficie de 116 724 hectáreas.

Denomínase "As Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo".

A primeira referencia á xira fluvial dos Caneiros é de 1889 nun xornal da cidade, mais viña celebrándose desde antes e noutro lugar. Onde está o Lavadoiro municipal existía un campo no que o día 17 de agosto se celebraba unha romaría gastronómica (polo menos en 1886). É máis, durante un tempo conviviron ambas as festas. Tampouco sempre foi o 18 de agosto senón que variaba entre o 14 e o 18 (que era a duración das festas entón). Orixinariamente fálase de excursión de barcos de recreo, adornados para chegar ao campo e celebrar alí, bailes, globos e lumes e non hai referencias a comida.

O campo onde se celebra a festa está situado no Concello de Coirós mais pertence ao Concello de Betanzos. Está situado no límite navegable do río e onde chega a auga das mareas. O nome dos Caneiros refírese a unhas antigas construcións que se facían para favorecer as pescas. O campo sufriu transformacións, por exemplo, houbo que construír embarcadoiros, plantar os plátanos que dan sombra ao campo. Tamén se constrúe unha fonte ao aparecer un manancial.



EMBARCACION MUNICIPAL "DIANA CAZADORA"

ESLORA TOTAL: 15 METROS

MANGA: 5 METROS

CALADO: 0,80 METROS

CAPACIDADE: 55 PERSOAS

EMBARCADOIRO: PASEO DE LA
TOLERANCIA



PASEOS TURÍSTICOS

HORARIOS SEGUNDO O CALENDARIO

DURACIÓN: 01:30 H

PREZO: 5 € PERSOAS ADULTAS - 1 € NENOS/AS
DE 4 A 12 ANOS

CAPACIDADE: 55 PASAXEIROS/AS (MÍNIMO 20
PASAXEIROS/AS)

ATRAQUE: NON

COMIDA: NON

ACCESIBILIDADE: LIMITADA POLA ZONA DE
EMBARQUE

XIRAS

HORARIOS PARA CONVIR (MAREAS)

DURACIÓN: DE 13:00 H A 21:00 H

PREZO: 615 € COLECTIVOS ORGANIZADOS /
260 € ASOCIACIONES LOCAIS

CAPACIDADE: 55 PASAXEIROS/AS

ATRAQUE: SI (NO CAMPO DOS CANEIROS)

COMIDA: SI (CON CÁTERING EXTERNO)

ACCESIBILIDADE: LIMITADA POLA ZONA DE
EMBARQUE





PRAZA DE GALICIA,1
15300 BETANZOS (A CORUÑA)

TELF: 981 77 66 66
638 543 169

MAIL: TURISMO@BETANZOS.GAL
@TURISMOBETANZOS

WWW.TURISMO.BETANZOS.GAL